

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE ABRIL DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de abril de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a ratificación do Decreto número 3005/2026 do 13 de abril, polo que se nomea ao Secretario Xeral do Pleno deste Concello.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a delegación de competencias na tenenta delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes de contratación, dos convenios de colaboración e para a autorización de dominio público relativos ás festas do San Froilán 2026.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto na contratación de patrocinio publicitario co club baloncesto Breogán Sad para os anos 2026-2027-2028 e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade. Expte ref. 2026/C005/000002.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7158600538149312131.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-4-2026

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación da obra de reparación do acceso á praza de Abastos de Lugo pola rúa Tuñas Bouzón. Exp ref: 2025/C002/000027.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobar a execución e avaliación, no exercicio 2025, do plan estratéxico de subvencións 2023-2025, conforme á documentación enviada polas diferentes áreas.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento tribunal cualificador proceso selectivo 2 traballador/a social, quenda libre (OEP 2023).

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

5. LICENZAS.- Acórdase aprobar a licenza urbanística para reforma de cubertas da igrexa de San Antonio de Padua en rúa Tui (expte. 2026/Y001/000046).

Tamén se acorda a aprobación do proxecto construtivo reurbanización da rúa Serra de Meira en Lugo (expte: 2026/Y001/000045).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

6. IGUALDADE CASA DA MULLER.- Acórdase a aprobación do informe proposta por omisión de informe de fiscalización previa para convalidación de gasto relativo ao pagamento dos recibos da comunidade de propietarios avenida das Américas 104.

Fóra da orde do día

- Contratación do servizo educativo e de cociña-comedor e limpeza nas escolas infantís municipais Luis Soto Menor (lote 1) e María Woneburguer (Lote 2). Exp. Ref.: 2025/C003/000023. Adxudicación.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.